

# 8 DE MARZO

2022

## Día Internacional da Muller Traballadora

XUNTAS e en LOITA contra as desigualdades



Día Internacional de la Dona Treballadora

Emakume Langilearen Nazioarteko Eguna

Día Internacional de la Mujer Trabajadora

Día Internacional de la Mujer Trabajadora



Confederación Xeral do Traballo



Así é como **nos atopamos as mulleres**, especialmente nos últimos séculos, **Xuntas e en Loita contra as Desigualdades, xuntas e en loita pola nosa emancipación, por un humanismo integral, por unha sociedade de igualdade, xustiza social, democracia directa e liberdade solidaria**, como nos legou o movemento anarquista Mulleres Libres.

As mulleres, o anarco feminismo, todo o movemento feminista inclusivo actual, **levamos moitos anos en loita porque o sufrimento que nos inflixe o inimigo é insoportable**. Un sufrimento que abarca o físico, o psicolóxico e o ético; que **nos afecta en todos os planos da vida política, pública, laboral, social, económica, persoal, afectiva, sexual, cultural, educativa, creativa...**

O inimigo ao que nos enfrontamos é moi forte, polifacético e agresivo. Vencelo significa conseguir a plena transformación social, construír unha nova sociedade de xustiza, liberdade e igualdade plena de todos os seres humanos.

**Ese inimigo chámase patriarcado**, existiu practicamente desde sempre, disfrazouse de múltiples formas, contou con amplas alianzas e non dubidou en servir e usar un amplo abanico de ideoloxías políticas, sociais e económicas para así conseguir perpetuar o seu gran obxectivo como é a dominación do home sobre a muller; xestando os piares da súa sociedade machista, sexista e androcéntrica, arroupada polo racismo, a xenofobia, o colonialismo e imbricada polo reaccionario, a explotación, do neoliberalismo e o supremacismo autoritario, totalitario e negacionista.

Pero se hai algún aliado co **que se identifica especialmente é co capitalismo**. Ambos, capitalismo e patriarcado —*tanto monta, monta tanto*— se retroalimentan mutuamente **para que a sociedade actual que seguimos sufrindo sexa a sociedade das desigualdades**.

Nesta sociedade, unha das maiores desigualdades é a que sufrimos as mulleres fronte aos homes. **Discriminación, extorsión, abuso, desprezo, explotación, marxinação... en igualdade de oportunidades; en visibilidade pública; en acceso a empregos de responsabilidade e xestión; no desenvolvemento profesional; na inxusta brecha salarial e pensións; na repartición do traballo doméstico e traballo de coidados; na explotación mercantilista e obxetualización sexual**.

Para a **CGT**, como organización anarcosindicalista, o 8 de Marzo segue sendo o Día Internacional da Muller Traballadora, porque nesta sociedade de desigualdades e clasista, a clase traballadora é explotada e esa explotación multiplícase cando falamos de muller traballadora.

**Esta é a nosa loita como mulleres e como mulleres traballadoras**, unha loita feminista, anarcofeminista, inclusiva, unitaria, na que caben todas as sensibilidades sobre a conceptualización de ser muller, da identidade persoal, o xénero, o movemento Trans, Lgtbiq+... o que significa que a nosa loita **expón unha revolución social integral baseada na xustiza social e a liberdade, a igualdade absoluta e real entre homes e mulleres, unha sociedade anticapitalista e libertaria sen mulleres explotadas, sen ningún ser humano excluído**.